



BASES DO PROGRAMA CURSOS PARROQUIAIS 2025

1. Obxecto

O Programa de Cursos Parroquiais 2025, é unha iniciativa de participación cidadá que se pretende desenvolver nas parroquias do noso concello, co fin de promover a participación cidadá e as relacións interpersoais ademais da inclusión social.

2. Asociacións beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas asociacións activas do noso concello (máximo unha asociación por parroquia).

De darse o caso de que se presente máis de unha asociación da mesma parroquia terá prioridade a primeira que solicite os cursos (orde de entrada).

Haberá límite de prazas, polo que pode darse o caso de que algunhas solicitudes queden en lista de agarda.

3. Requisitos e procedemento de concesión de prazas:

Só poderán solicitar os cursos parroquiais aquelas asociacións que se atopen activas e que sexan do concello de Vila de Cruces (veciñais, de mulleres, culturais...).

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo o seguinte orde de preferencia:

- 1) Asociacións activas do concello de Vila de Cruces.
- 2) Orde de entrada

4. Desenvolvemento das actividades: quendas, horario , n.º de prazas e lugar de recepción:

4.1 Quendas: A actividade desenvolverase en calquera dos seguintes meses:

MEDIADOS DE ABRIL, MAIO, XUÑO, SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO OU DECEMBRO DE 2025

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





4.2 Horario:

Os cursos terán unha duración total de 20 horas cada un.

Deberanse desenvolver de luns a sábado entre as 16:00h e as 22:30h (horario de finalización).

Agás o curso de poda, que se poderá desenvolver en fin de semana (sábado e domingo).

4.3 Cursos, prezo total por curso e usuario, tempo recomendado das sesións e n.º máximo de prazos:

1. ARRANXOS FLORAIS: 30 euros/ usuario, 3h por sesión. Máximo 15 usuarios.
2. PINTURA CON AREAS: 28 euros/usuario, 3h por sesión. Máximo 15 usuarios.
3. PINTURA AO ÓLEO: 28 euros/usuario, 3h por sesión. Máximo 15 usuarios.
4. CESTERÍA: 26 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 15 usuarios.
5. ELABORACIÓN XABÓNS: 25 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 15 usuarios.
6. COSMÉTICA NATURAL: 25 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 15 usuarios.
7. LICORES E CONSERVAS: 25 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 15 usuarios.
8. CREACIÓNS CON MACRAMÉ: 25 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 15 usuarios.
9. PODA OU INXERTOS: 25 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 25 usuarios.
10. AUTOESTIMA: 24 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
11. CANTO GALEGO E PANDEIRETA: 23 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
12. BAILES DE SALÓN: 23 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
13. PILATES: 23 euros/usuario, 1:30h por sesión. Máximo 20 usuarios.
14. RISOTERAPIA: 22 euros/usuario, 1:30h por sesión. Máximo 20 usuarios.
15. MUSICOTERAPIA: 21 euros/usuario, 1:30h por sesión. Máximo 20 usuarios.
16. XIMNASIA DE MANTEMENTO: 21 euros/usuario, 1:30h por sesión. Máximo 20 usuarios.
17. TEATRO: 21 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
18. PRIMEIROS AUXILIOS: 20 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
19. MEMORIA: 20 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.
20. MASAXE E RELAXACIÓN: 20 euros/usuario, 2h por sesión. Máximo 20 usuarios.





***DEBERASE ACADAR O N.º MÍNIMO DE 10 PARTICIPANTES POR CURSO**, de non cumprir con este requisito NON se poderá desenvolver o curso parroquial.

* O n.º de horas por sesión é o recomendado polos profesionais, unha vez aprobado o curso poderase modificar dito número de horas/sesión en consenso co monitor-a (nunca menos de 1h e media por sesión).

4.4 Lugar:

Os cursos elixidos desenvolveranse nos locais sociais das parroquias beneficiarias dos mesmos.

5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

As solicitudes deberanse presentar a nome da asociación no rexistro do concello de Vila de Cruces ou a través da sede electrónica dende o 24 ao 31 de marzo 2025.

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES FORA DO PRAZO ESTIPULADO. (*Se quedan prazas libres abrirase un período de presentación de solicitudes extraordinario).

6. Forma de pago

- **O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do curso parroquial.**

O pagamento **deberase realizar antes do comezo do curso e no prazo que estipule o concello, de non proceder ao pago, perderase a praza reservada no mesmo.**

7. Publicación do listado de admitidos/as no servizo.

As **asociacións admitidas** para a realización dos cursos parroquiais aparecerán nun listado que se publicará antes do **7 de abril 2025**.

7.1 Método de inscricións das persoas participantes nos cursos a realizar.

Unha vez notificada ás asociacións beneficiarias o curso que se lles adxudique e o horario do mesmos, contarán con 15 días naturais para presentar no concello a listaxe das persoas inscritas no mesmo e os xustificantes de pago correspondentes. De non acadar o n.º mínimo ou máximo de participantes, dende o Concello abrirase un período de inscrición extraordinario para poder completar a listaxe dos participantes, previa comunicación entre o presidente/a da asociación e a concelleira delegada.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





8. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia da asociación comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

9. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes das asociación admitidas publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

